As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº 05/CE/2020.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o

seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:
PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente Nº05/CE/2020 de crédito extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais por importe de 785.734,99€ para atender os gastos derivados dos seguintes proxectos de gasto:

| APLICACIÓN | Nº PROXECTO | Denominación | IMPORTE | IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA | RLTª GX | RLTªGFA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 171-61900 | PREST (2) Nº 01/27/2020 | SUBSTITUCIÓN DA PAVIMENTACIÓN DO PARQUE DE MIGUEL HERNÁNDEZ | 375.283,22 | 369.534,99 | 369.534,99 | 5.748,23 | 375.283,22 |
| 1531-61900 | PREST (2) Nº 01/28/2020 | 2º FASE ACCESIBILIDADE: DOCTOR TOURON, AVDA. CAMBADOS E MARXIÓN | 150.000,00 | 150.000,00 | 150.000,00 | 0,00 | 150.000,00 |
| 164-61900 | PREST (2) Nº 01/29/2020 | REFORMA DE INSTALACIÓN, PAVIMENTOS E ELEMENTOS CONSTRUTIVOS DO CEMITERIO DE RUBIANS | 266.200,00 | 266.200,00 | 266.200,00 | 0,00 | 266.200,00 |
| TOTAIS | | | 791.483,22 | 785.734,99 | 785.734,99 | 5.748,23 | 791.483,22 |

SEGUNDO:: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 é RLTªGX obtido na liquidación 2019 por importe global de 785.734,99€.
TERCEIRO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento para os novos proxectos de gasto relacionados no apartado primeiro da presente proposta.
CUARTO: Expoñer ao público o expediente Nº05/CE/2020 de créditos extraordinarios financiados con RLTªGX, mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:
Dada a urxencia que revisten todas as actuacións que pretenden acometerse coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2020 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.
QUINTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201126&punto=6
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PARCIAL DA ORDENANZA FISCAL Nº II.12, REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL:** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de novembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Asunto: Modificación parcial da ordenanza fiscal nº II.12 reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local

Debido á situación excepcional de alarma sanitaria que veu a decretarse o pasado 14 de marzo con ocasión da entrada en vigor do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o Estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e que se veu prorrogando mediante sucesivos reais decretos, puxéronse en marcha unha serie de medidas tanto a nivel estatal, como autonómico e local.
Posteriormente, o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro declarou o estado de alarma ata o 9 de novembro de 2020, e o Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro de 2020 alargou a declaración do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Por outra banda, a Comunidade Autónoma de Galicia está a adoptar distintas medidas que, tanto limitan o aforo como obrigan ao peche da hostalería.
Por tanto, non debemos esquecer que esta crise non só é sanitaria senón tamén unha crise económica, que ten un impacto directo sobre a actividade económica. Neste senso, no 2020 xa se considerou necesario adoptar medidas por parte do Concello en relación á taxa de ocupación da vía pública con mesas e cadeiras, aprobándose en sesión plenaria celebrada o 28.05.2020, a introdución da Disposición Transitoria 2ª, pola que se suspendeu a aplicación da Ordenanza ata o 31 de decembro de 2020.
A modificación desta ordenanza ven derivada do interese que ten o concello en facilitar, na medida do posible, o mantemento e recuperación económica do sector da hostalería, especialmente afectado pola medidas de contención e loita contra o COVID-19.
Polo exposto, e coa finalidade de colaborar na medida do posible, nestes momentos de crise, co sector hostaleiro, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:
Modificar a Disposición Transitoria 2ª do seguinte xeito:
" Suspéndese a aplicación da presente ordenanza fiscal en todo o relativo á ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, feito impoñible recollido no apartado a) do artigo 1.2, ata o 31 de decembro de 2021."

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación parcial da Ordenanza Fiscal nº II.12, reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Modificar a Disposición Transitoria 2ª do seguinte xeito:
" Suspéndese a aplicación da presente ordenanza fiscal en todo o relativo á ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, feito impoñible recollido no apartado a) do artigo 1.2, ata o 31 de decembro de 2021."

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201126&punto=7
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**8. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:
Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.
Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:
- Dona Maruxa E. Capela Bouzas en relación coa moción presentada polo grupo municipal de Vilagarcía en Común sobre melloras nas escolas unitarias e leva a cabo a súa intervención reivindicando melloras nas escolas unitarias de Bamio, Guillán e Solobeira

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201126&punto=8
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal
.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN SOLICITANDO A MELLORA NECESARIA EN VARIOS CENTROS DE EDUCACIÓN UNITARIA (BAMIO, GUILLÁN E SOLOBEIRA).** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de novembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 18 de novembro de 2020, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de novembro de 2020, a seguinte MOCIÓN:
SOLICITANDO A MELLORA NECESARIA EN VARIOS CENTROS DE EDUCACIÓN UNITARIA.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
Estamos nun momento onde se fai preciso, por desgraza, insistir na necesidade da inversión real na educación pública. Estamos cansos de ver como se fan esforzos inversores en material e recursos para centros privados concertados, mentres se esquecen de dotar de instalacións mínimas de seguridade e confort a moitos centros públicos. Sobre todo se falamos dos centros de estudos unitarios, onde é mais evidente o deixamento da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia, pois son centros onde a asistencia en si mesma, convertese na evidencia de que o modelo defendido dende a Xunta de Galicia, non é precisamente un modelo que garanta a igualdade de trato, e de acceso a educación.
Vilagarcía non é allea a esta situación de destino de fondos as iniciativas privadas, ao tempo que se esquecen interesadamente de investir e dotar de seguridade e confort ós centros unitarios, que son a formula que garante o acceso a educación a nenos e nenas de ata 5-6 anos en lugares afastados dos grandes centros, ou que pola súa localización engaden unha facilidade necesaria a mobilidade e conciliación das familias.
Por elo é incomprensible, que mentres se destinan centos de miles de euros a cuestións como mellora das bibliotecas en centros privados, en Vilagarcía temos escolas unitarias que adoecen de estruturas e equipamento básicos. Estamos a falar de que están sen calefacción, non teñen accesos seguros, patios con faltas de mantemento e que sofren inundacións, etc.
Por elo, con esta forma de actuar dende a administración autonómica, estase a provocar a

existencia de ata 3 tipos de alumnos, nun primeiro nivel privilexiado están os alumnos derivados aos centros concertados onde si gozaran, supoñemos, de calefacción accesibilidade e seguridade e por riba lles damos miles de euros para que desfruten de novo mobiliario e libros e material que con cartos públicos se converten en recursos permanentes da iniciativa privada. Un segundo nivel, con aqueles que cursan estudos nun centro público con calefacción, accesibilidade e medios técnicos e materiais para poder acudir ao centro de ensino con seguridade e confort. E un terceiro nivel, que esta composto por eses alumnos que deciden matricularse nunha escola unitaria, sen varandas, sen calefacción, con portas rotas, patios inundados e onde a administración autonómica decide des investir.
Estas diferencias incorren no incumprimento constitucional, a igualdade de acceso, non poden existir diferencias a hora de desfrutar das mesmas comodidades e seguridades nos centros educativos. O feito de que existan, a demais de incumprir a lei, e un risco de lesións pola falta de seguridade e un risco de enfermar pola falla de confort térmico, que ademais incorre nunha falta de concentración do alumnado, por non ser o frío un factor que favoreza o estudo.
Polo tanto compre terminar con esta situación, e dotar estes centros dos medios necesarios para que o alumnado sexa tratado igual que o que, por circunstancias, cursa os seus estudos noutros centros baixo o amparo da inversión pública. E nisto, sendo obriga da administración autonómica, o Concello debe dar un paso importante e tomar unha iniciativa encamiñada a garantir a mínima seguridade e confort das instalacións públicas na nosa cidade.
Por elo compre exixir con contundencia a Xunta de Galicia que acometa as instalacións de equipamento necesario para que todos os nenos e nenas de Vilagarcía asistan con seguridade e comodidade a calquera centro educativo da nosa vila, as unitarias incluídas, advertindo a Xunta de Galicia de que é a súa obriga. Pero, de fallar esta vía, non se pode demorar a reparación, e instalación de todos os elementos que proporcionen seguridade, pois a cada día que pasa, é un día que asumimos o risco de que algún neno ou nena teña un accidente e se poida mancar.
Por todo elo, parécenos prioritario adoptar o seguinte
ACORDO
1.- Instar, esixir, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a que de forma inmediata, asuma as súas competencias e realice as seguintes inversións necesarias nos seguintes Colexios unitarios:

**Escola unitaria de Bamio:**

Instalar calefacción.
Substituír porta de despacho, en mal estado e entra o frío.
Arena no patio, e solucionar inundacións.
Reparar o chan da aula anexa, atopase esnaquizado.

**Escola unitaria de Guillán:**

Instalar Calefacción.
Instalar varanda de protección no muro e rampla da entrada.
Montar pechadura portal de acceso directo ao patio.

**Escola unitaria de Solobeira:**

Reparar sistema de climatización, fuga de auga que xa foi revisada e comunicado ao Concello cal e a solución.
Mantemento e pintado dos columbios do patio e dos pasamáns do patio e do valado.
Repoñer area no areeiro do patio.
Cambiar ou reparar o tellado, ten filtracións constantes de auga. Reparar humidade do soportal posterior.
Solicitar a administración correspondente un paso de peóns no cruce de acceso a escola, a altura do Stop existente.
Habilitar unha zona de almacenamento de material, podería facerse rehabilitando a que fora vivenda dos mestres.
Instalar dous encerados no soportal posterior.
Habilitar unha porción de terreo para facer unha Horta escolar.
Habilitar o firme da zona de aparcamento exterior, agora en terra e lodo cando chove.
2.- En ausencia de resposta e actuación da Consellería de Educación, O Concello de Vilagarcía de Arousa, para evitar esta situación de risco e falta de confort nas escolas unitarias, procederá a

instalacións e reparacións detalladas no punto anterior. Ao tempo que reclamará o custe destas actuacións, e estudiará a posibilidade de demandar a Consellería de Educación se fose necesario, polo deixamento manifesto das súas competencias nestes centros educativos. 3.- Intentarase que todas as instalacións e reparacións necesarias, e detalladas no punto 1, se realicen a maior brevidade posible, ou a mais tardar durante o período vacacional do nadal, para estar dispoñibles a volta do curso.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
A persoas representante do grupo municipal do Vilagarcía en Común informa favorablemente.
As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común solicitando a mellora necesaria en varios centros de educación unitaria (Bamio, Guillán e Solobeira).

Dáse conta da emenda de substitución presentada polo grupo político municipal do PP, do seguinte teor:
ACORDO.
1.- Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galici9a a que de forma inmediata, asuma as súas competencias e realice as seguintes inversións necesarias nos seguintes colexios unitarios:
- Instalar calefacción na Escola Unitaria de Bamio.
- Instalar calefacción na Escola Unitaria de Guillán
- Habilitar unha zona de almacenamento de material na Escola Unitaria de Solobeira.
- Instalar dous encerados no soportal posterior na Escola Unitaria de Solobeira.

2.- Instar ó Concello de Vialgarcía, a que de forma inmediata, asuma as súas competencias e realice as seguintes inversións necesarias nos seguintes colexios unitarios:
- ESCOLA UNITARIA DE BAMIO:
- Substituir a porta do despacho, en mal estado
- Area no patio e solucionar inundacións
- Reparar o chan da aula anexa.
- ESCOLA UNITARIA DE GUILLÁN:
- Instalar varanda de protección no muro e rampla da entrada
- Montar pechadura no portal de acceso directo ao patio.
- ESCOLA UNITARIA DE SOLOBEIRA:
- Mantemento e pintado dos columpios do patio e do pasamans do patio e do valado.
- Repoñer area no areeiro do patio.
- Cambiar ou reparar o tellado e reparar a humidade do soportal posterior.
- Paso de peóns no cruce do acceso á escola, á altura do Stop existente.
- Habilitar unha porción de terreo para facer unha hora escolar.
- Habilitar o firme da zona de aparcamento exterior, agora en terra e lodo cando chove.

O grupo político municipal de Vilagarcía en Común non acepta a emenda do grupo político municipal do PP.

A petición do grupo político municipal do PSG-PSOE o grupo político Municipal de Vialgarcía en Común acepta retirar os puntos 2 e 3 da moción por ser unha competencia autonómica.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción, no relativo ao apartado 1, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar o punto 1 da moción e:

1.- Instar, esixir, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a que de forma inmediata, asuma as súas competencias e realice as seguintes inversións necesarias nos seguintes Colexios unitarios:

**Escola unitaria de Bamio:**
Instalar calefacción.
Substituír porta de despacho, en mal estado e entra o frío.
Arena no patio, e solucionar inundacións.
Reparar o chan da aula anexa, atopase esnaquizado.
**Escola unitaria de Guillán:**
Instalar Calefacción.
Instalar varanda de protección no muro e rampla da entrada.
Montar pechadura portal de acceso directo ao patio.
**Escola unitaria de Solobeira:**
Reparar sistema de climatización, fuga de auga que xa foi revisada e comunicado ao Concello cal e a solución.
Mantemento e pintado dos columbios do patio e dos pasamáns do patio e do valado.
Repoñer area no areeiro do patio.
Cambiar ou reparar o tellado, ten filtracións constantes de auga. Reparar humidade do soportal posterior.
Solicitar a administración correspondente un paso de peóns no cruce de acceso a escola, a altura do Stop existente.
Habilitar unha zona de almacenamento de material, podería facerse rehabilitando a que fora vivenda dos mestres.
Instalar dous encerados no soportal posterior.
Habilitar unha porción de terreo para facer unha Horta escolar.
Habilitar o firme da zona de aparcamento exterior, agora en terra e lodo cando chove.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201126&punto=9
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA, PARA FREAR A PROLIFERACIÓN DAS CASAS DE APOSTAS**. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de novembro de 2020 en relación coa moción presentada polo político municipal de Marea da Vila coa data de 14 de novembro de 2020, co seguinte resultado:

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
A persoa representante do grupo municipal do Marea da Vila informa favorablemente.
As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila para frear a proliferación das casas de apostas.

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila coa data de 24 de novembro de 2020, que modifica e substitúe a ditaminada na Comisión Informativa, e foi remitida aos/as Concelleiros/as da Corporación e que se vai a debatir no presente Pleno, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro

do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xuño, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA FREAR A PROLIFERACIÓN DAS CASAS DE APOSTAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 3 de novembro, aprobouse no Consello de Ministros o novo Real Decreto-lei de Publicidade do Xogo. Este RDL incorpora unha serie de medidas moi importantes como a prohibición dos bonos de benvida, a limitación dos anuncios de xogos de apostas e azar e a prohibición dos patrocinios en equipamentos deportivos, entre outras. Todo isto vén acabar coa "lei bombardeo constante de publicidade en todo tipo de medios e espazos publicitarios.

Actualmente, hai uns 911.218 usuarios activos nas casas de apostas, segundo o último Informe Trimestral do Mercado do Xogo Online (1T 2020, un 65´54% máis que no mesmo segmento de 2016, sendo alarmante nos sectores xuvenís. Non só corresponde ás apostas deportivas, tamén ao póker, casino e bingos virtuais. Ademais, durante estes últimos anos o gasto en publicidade está a ser moi importante flutuando entre os 300 e 145 millóns. En España hai máis de medio centenar de empresas con licenza no negocio online e presencial.

O xogo patolóxico é un trastorno que figura entre as adiccións de tipo comportamental nas clasificacións médicas e psicolóxicas e que ten especial incidencia nos sectores poboacionais máis precarios. Consiste na perda do control do comportamento en relación ao xogo que se caracteriza por ter graves consecuencias para as persoas como problemas académicos, laborais, económicos, sociais e/ou legais asociados ao xogo, así como á súa contorna máis próxima. Ademais, non debemos de esquecer que non fai falta ser un ludópata para ter un problema co xogo. Estímase que 1 de cada 4 xogadores que xogou nos últimos 12 meses presenta algún tipo de problema co xogo (rouba diñeiro, endebédase, xoga compulsivamente...).

Téntase á clase traballadora, que normalmente non pode acceder a un traballo estable dado o enorme paro crónico, a que arrisquen as súas rendas gañadas en traballos precarios. Non é estraño que nos barrios e localidades onde menos renda hai, sexa onde as políticas neoliberais causen máis efectos negativos a través das casas de apostas. Estas afectan especialmente á mocidade e aos barrios máis humildes, onde a falta de expectativas, dun futuro estable e de alternativas de lecer son o caldo de cultivo perfecto para doses rápidas de adrenalina onde conseguir diñeiro sen esforzo.

Tampouco é admisible que as casas de apostas aumenten día a día os seus beneficios e deixen ás familias e ao conxunto da sociedade a obrigación de custear integramente o tratamento das persoas ás que engancharon. É de xustiza, por tanto, aumentar a contribución que os beneficios destas empresas teñen que facer ao conxunto da sociedade para que se poida tratar de maneira eficaz ás persoas adictas ao xogo e para que se poidan investigar eses mecanismos e previr futuras adiccións, así como tomar medidas que poñan freo á expansión deste tipo de locais e garantir desde as institucións o dereito ao lecer.

De forma física ou a través de Internet, o que se esconde detrás de cada aposta é o mesmo: a falsa realidade de que podemos xerar riqueza con pouco esforzo. O que non contan é que o beneficio dun día é a perda do outro, e que mesmo esta perda pode ser aínda maior. Non é cuestión de sorte que, en última instancia, sexa o dono da casa de apostas o único que gañe, é cuestión de matemáticas.

É o momento de que as diferentes institucións adapten a normativa á realidade social, económica e tecnolóxica da actividade do xogo antes de que se converta nunha secuela sen retorno.

Expomos nesta moción unha serie de medidas, a nivel municipal e supramunicipal, para atallar esta problemática e garantir o dereito ao lecer digno e accesible en todos os pobos e barrios do noso país.

Por todo iso, o grupo municipal de Marea da Vila propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar ao goberno autonómico a incluir na lexislación correspondente, a distancia, establecendo un mínimo de 700 metros lineais entre as casas de apostas presenciais e os centros educativos de ensino obrigatorio, formación profesional, universitaria, centros de rehabilitación e hospitais.
2. Instar ao goberno local, en colaboración coas entidades locais, a que poña en marcha centros sociais xestionados directamente pola mocidade onde poidan desenvolver un lecer

digno, que potencie o coñecemento, o deporte e as artes.
3. Instar ao goberno autonómico a que limite o número de concesións ao establecido no Decreto 72/2019, do 4 de xullo, controlando que non se exceda este límite.
4. Instar ao goberno autonómico a que prohiba as terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos, casinos e bares.
5. Instar ao goberno autonómico a que implemente regularmente plans de inspección nas casas de apostas presenciais para aumentar os controis e previr o acceso ás persoas menores de idade. Así mesmo, realizaranse programas de formación da Policía Local, Garda Civil e Policía Nacional sobre a aplicación da normativa e as infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo. Para poder complementar esa delimitación no acceso a persoas menores, o goberno autonómico solicitará as empresas explotadoras de estas casas de apostas a contratación de persoal de vixilancia privada para colaborar coas forzas de seguridade do estado.
6. Instar ao goberno local, en colaboración coas entidades locais, a realizar actividades informativas nos centros educativos, no marco da prevención de adiccións xeradas polo xogo e as apostas, para informar dos riscos e problemas de saúde pública.
7. Instar ao goberno autonómico a que realice e publique informes periódicos sobre a localización xeográfica das casas de apostas presenciais atendendo a criterios socio-económicos da poboación local.
8. Instar ao goberno local, en colaboración coas entidades locais, a que nos seus procesos de contratación pública e nos procesos de outorgamento de subvencións públicas se prime a aquelas entidades que non reciban financiamento por publicidade de casas de apostas.
9. Instar ao goberno autonómico a recoñecer a ludopatía como problema de saúde pública e garantir os recursos públicos nos plans de prevención e rehabilitación da ludopatía no marco do sistema público de saúde co obxectivo de acelerar o acceso e mellorar a calidade do servizo.
10. Instar ao goberno local a que, a través das ordenanzas de publicidade, regule a eliminación de calquera carteleira do mobiliario urbano ou do espazo público deste tipo de establecementos, limitándose exclusivamente aos carteis do propio local incluíndo unicamente o nome e sen ningún tipo de publicidade.
11. Instar ao goberno local a que, nas solicitudes de licenzas para a apertura de casas de apostas, esixa a constancia de que o inmoble que acollerá dita actividade cumpra co punto 1 dos acordos aquí redactados: o mantemento dunha distancia mínima de 700 metros lineais cos centros educativos de ensino obrigatorio, formación profesional, universitaria, centros de rehabilitación e hospitais, sempre e cando a normativa autonómica estableza esa regulación.
12. Instar ao goberno local a que solicite aos equipos de fútbol locais e aos seus xogadores colaborar para que non se identifique o deporte coas apostas, asumindo a súa responsabilidade social, eliminando a publicidade das casas de apostas, poñendo en marcha campañas de concienciación e non asinando convenios de colaboración nin patrocinar a entidades deportivas que fagan publicidade das casas de apostas.
13. Instar ao goberno local a garantir o dereito á cultura e ó deporte, mediante o impulso de actividades e centros artísticos, culturais e deportivos accesibles para o conxunto da poboación sen que poida operar ningún tipo de discriminación socio-económico.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde ,a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada e:
1. Instar ao goberno autonómico a incluír na lexislación correspondente, a distancia, establecendo un mínimo de 700 metros lineais entre as casas de apostas presenciais e os centros educativos de ensino obrigatorio, formación profesional, universitaria, centros de rehabilitación e hospitais.
2. Instar ao goberno local, en colaboración coas entidades locais, a que poña en marcha centros sociais xestionados directamente pola mocidade onde poidan desenvolver un lecer digno, que potencie o coñecemento, o deporte e as artes.

3. Instar ao goberno autonómico a que limite o número de concesións ao establecido no Decreto 72/2019, do 4 de xullo, controlando que non se exceda este límite.
4. Instar ao goberno autonómico a que prohiba as terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos, casinos e bares.
5. Instar ao goberno autonómico a que implemente regularmente plans de inspección nas casas de apostas presenciais para aumentar os controis e previr o acceso ás persoas menores de idade. Así mesmo, realizaranse programas de formación da Policía Local, Garda Civil e Policía Nacional sobre a aplicación da normativa e as infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo. Para poder complementar esa delimitación no acceso a persoas menores, o goberno autonómico solicitará as empresas explotadoras de estas casas de apostas a contratación de persoal de vixilancia privada para colaborar coas forzas de seguridade do estado.
6. Instar ao goberno local, en colaboración coas entidades locais, a realizar actividades informativas nos centros educativos, no marco da prevención de adiccións xeradas polo xogo e as apostas, para informar dos riscos e problemas de saúde pública.
7. Instar ao goberno autonómico a que realice e publique informes periódicos sobre a localización xeográfica das casas de apostas presenciais atendendo a criterios socio-económicos da poboación local.
8. Instar ao goberno local, en colaboración coas entidades locais, a que nos seus procesos de contratación pública e nos procesos de outorgamento de subvencións públicas se prime a aquelas entidades que non reciban financiamento por publicidade de casas de apostas.
9. Instar ao goberno autonómico a recoñecer a ludopatía como problema de saúde pública e garantir os recursos públicos nos plans de prevención e rehabilitación da ludopatía no marco do sistema público de saúde co obxectivo de acelerar o acceso e mellorar a calidade do servizo.
10. Instar ao goberno local a que, a través das ordenanzas de publicidade, regule a eliminación de calquera carteleira do mobiliario urbano ou do espazo público deste tipo de establecementos, limitándose exclusivamente aos carteis do propio local incluíndo unicamente o nome e sen ningún tipo de publicidade.
11. Instar ao goberno local a que, nas solicitudes de licenzas para a apertura de casas de apostas, esixa a constancia de que o inmoble que acollerá dita actividade cumpra co punto 1 dos acordos aquí redactados: o mantemento dunha distancia mínima de 700 metros lineais cos centros educativos de ensino obrigatorio, formación profesional, universitaria, centros de rehabilitación e hospitais, sempre e cando a normativa autonómica estableza esa regulación.
12. Instar ao goberno local a que solicite aos equipos de fútbol locais e aos seus xogadores colaborar para que non se identifique o deporte coas apostas, asumindo a súa responsabilidade social, eliminando a publicidade das casas de apostas, poñendo en marcha campañas de concienciación e non asinando convenios de colaboración nin patrocinar a entidades deportivas que fagan publicidade das casas de apostas.
13. Instar ao goberno local a garantir o dereito á cultura e ó deporte, mediante o impulso de actividades e centros artísticos, culturais e deportivos accesibles para o conxunto da poboación sen que poida operar ningún tipo de discriminación socio-económico.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201126&punto=10
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA, PARA CONTINUAR AVANZANDO CARA A IGUALDADE DE DEREITOS ENTRE MULLERES E HOMES**. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de novembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila coa data de 21 de novembro de 2020, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xuño, a seguinte moción:

Moción para continuar avanzando cara a igualdade de dereitos entre mulleres e homes

Próximas á conmemoración do 25N, Día Internacional da Eliminación das violencias contra as mulleres, as restricións impostas pola COVID 19 impedirán a realización de convocatorias masivas, como as dos últimos anos, durante ás que unha gran parte da sociedade recorde ás asasinadas e ás vítimas das violencias machistas nas súas múltiples expresións e manifestando o seu rexeitamento a este tipo de opresións que viven as mulleres polo feito de selo.

A incidencia e dimensión da pandemia é tal, que moitas realidades están quedando agochadas, sobre todo aquelas que afectan ás persoas máis vulnerables, polo tanto tamén esa que corresponde ás mulleres que viven en situación de violencia ou as derivadas doutras discriminacións de xénero. Nese senso, o Ministerio de Igualdade elaborou un Plan de Continxencia contras as Violencias de Xénero ante a crise da Covid19 co fin de protexer ás mulleres en situación de vulnerabilidade durante o confinamento, así como medidas relacionadas coas mulleres en situación de prostitución ou trata. Ademais, en colaboración co Ministerio de Traballo, aprobouse un subsidio de protección para as empregadas do fogar ou o Real Decreto Lei pola igualdade retributiva.

Sendo importantes estas medidas, é preciso que tamén outras administracións se impliquen incorporando medidas complementarias e detectando as posibles eivas e as distintas situacións que poden poñer en risco os avances experimentados en materia de igualdade nos últimos anos nos que o feminismo foi quen de poñer as súas reivindicacións no centro da axenda política.

Destácanse a continuación varias cuestións concretas que requiren de actuacións para a resolución das mesmas:

-Lentitude dos procesos administrativos. A situación derivada pola COVID19, co posterior confinamento e a paralización dos servizos no esenciais, produciu un colapso do sistema administrativo, cun retraso nos procesos burocráticos. Segundo indican dende distintos Centros de Información ás Mulleres (CIM) esta circunstancia afecta ás mulleres vítimas de violencia de xénero que toman a decisión de cesar a convivencia co maltratador e interpoñer denuncia co fin de comezar unha nova vida. Canto máis tempo se alongue este proceso e máis tardía sexa a resposta das administracións, maior é o risco de que a muller revise e dubide da súa decisión e, se constatan xa casos, nos que as mulleres decidiron regresar ao domicilio de convivencia e, polo tanto, á situación de perigo anterior. Isto reflicte unha necesidade da que se leva facendo eco durante anos o feminismo galego, o incremento do número de xulgados específicos de violencia de xénero, dado que actualmente só existen este tipo de xulgados nas cidades de Vigo e A Coruña. O propio Parlamento de Galicia aprobou unha proposición en febreiro de 2018 na que se pedía ao Estado o seu incremento e que este fora consensuado na comisión mixta do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Trátase dunha demanda histórica como a de que, en todos eles, sexan ou non específicos, se doten das medidas suficientes de seguridade e privacidade para que as mulleres e menores podan declarar e agardar en condicións dignas. Ademais é un clamor como servizos como o IMELGA dispoñen apenas de persoal especializado e as necesidades se cobren con contratacións temporais que non cobren en absoluto as necesidades para levar a cabo os procedementos en condicións.

-Conciliación. A crise sanitaria, o peche de centros de ensino durante o confinamento e o risco sobrevido para as persoas maiores, provocou e está a provocar serios problemas de conciliación, consecuencia dun modelo de coidados sustentado fundamentalmente nas familias.

A proposta dos orzamentos xerais do estado para o 2021 vai na boa dirección, incluíndo unha partida de 200 millóns para a educación de 0 a 3 anos, 300 millóns para igualar permisos de maternidade e paternidade intransferibles e remunerados ao 100%, e 200 millóns para apoiar a familias e a súa conciliación con nenos e nenas menores de 14 anos.

Nese senso, a Xunta de Galicia sacou en xuño de 2020 unha partida extraordinaria de 18 millóns de euros para que as familias puideran acollerse a unha prestación de 500€ ao mes calculando que unhas 36.000 familias con fillos e fillas menores de 12 anos e familiares de persoas dependentes usuarias dos centros de día poderían acollerse a este Bono Coidado. Sen embargo, unha vez esgotado o prazo para a solicitude, a Xunta anunciou que só unhas 1.200 familias

solicitaron acollerse a este bono na primeira modalidade e 900 na segunda. Algúns medios de comunicación apuntaron a unha posible ampliación para un ano desta medida ata o 31 de agosto de 2021, sen que exista, a día de hoxe, publicación ao respecto no DOG. En todo caso, dada a expectativa inicial da Xunta e o número de familias que finalmente se acolleron a esta prestación, faise preciso a súa reactivación de maneira inmediata, incrementando a partida orzamentaria para que cubra o período da súa ampliación, ademais de mellorar a estratexia comunicativa a colaboración cos concellos, como institución máis próxima, e a simplificación dos trámites, co fin de que o maior número de familias posibles se acolla á mesma.

É fundamental que as axudas se diversifiquen e aborden distintos enfoques e realidades, como as que lles afectan ás mulleres traballadoras autónomas e ás familias monomarentais, para poder chegar e responder ás necesidades do maior número de solicitantes posibles.

- Dereitos reprodutivos. Durante o confinamento, colectivos como Embarazadas Galicia ou a Asociación Galega de Matronas (AGAM), veñen denunciando a situación de incerteza das mulleres que paren durante estes meses de pandemia debido a falta dun protocolo unificado con medidas claras que establezan se as nais poden estar acompañadas, sexan ou non positivo por SARS-CoV-19, se se respecta o contacto pel con pel co bebé para facer o aloxamento conxunto, ou se se inicia a lactación materna. Nese senso, os colectivos apuntan a que se unifiquen todos os protocolos, se garanta o acompañamento da nai, tomando as medidas pertinentes de protección, así como a non separación da nai e o bebé durante o parto e o postparto (sempre no caso de nais asintomáticas e bebés sans) .

Dende AGAM interpúxose unha queixa ante a valedora do pobo incluíndo, á parte destas demandas, outras, como a habilitación de habitacións de maternidade para mulleres COVID (actualmente dos hospitais máis grandes só existen na área Pontevedra- O Salnés e Coruña) ou a publicación dunha guía de recomendacións en tempos de COVID para mulleres xestantes.

Temos moi presente como a crise de 2008 se cebou especialmente coas mulleres, que pagamos as consecuencias en precariedade e perda de dereitos. A experiencia demóstranos que a forma de non retroceder é seguir traballando en avanzar. Este será un 25N atípico e debemos ser conscientes de que as violencias machistas e as discriminacións que nos afectan ás mulleres, seguirán existindo unha vez superemos esta grave crise. O Concello de Vilagarcía, como institución máis próxima, debe poñer todo os recursos, para evitar que Vilagarcía dea pasos atrás na loita contra as violencias machistas e seguir traballando para acadar a igualdade entre homes e mulleres.

Por todo isto, o Grupo Municipal Marea da Vila presenta a seguinte: PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Instar á Xunta de Galicia ao aumento do xulgados específicos en violencia contra as mulleres en Galicia para que sexa consensuado na comisión mixta do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tal e como aprobou ao Parlamento en febreiro de 2018.

2.- Instar á Xunta de Galicia a incluír nos seus orzamentos unha partida para a adaptación dependencias dos xulgados de Galicia de tal modo que as vítimas de violencia de xénero dispoñan das condicións de seguridade e privacidade que lles impidan atoparse co maltratador ou o seu entorno.

3.- Instar á Xunta de Galicia a que reforce con recursos materiais e humanos todos aqueles servizos que forman parte do percorrido do procedemento xudicial dos casos de Violencia de Xénero como é o IMELGA, dotándoo de persoal suficiente e estable.

4.- Instar ás distintas administracións ao reforzo dos servizos de administrativos con fin de acelerar os procesos que teñen que afrontar as mulleres vítimas de violencias, co fin de que a burocracia non supoña un obstáculo ao que teñen que enfrontarse estas mulleres.

5.- Instar á Xunta de Galicia a publicar de maneira inmediata a prórroga do Bono Coidado extraordinario, nas súas dúas modalidades, incrementando a partida para que cubra as necesidades das familias galegas ata agosto do 2021. A Xunta de Galicia coordinarase cos Concellos e simplificará os trámites para que o maior número posibles de familias poidan acollerse á mesma. A Xunta estudará a inclusión dun incremento da contía nos casos de familias monomarentais e persoas autónomas.

6.- Instar ao Concello de Vilagarcía a involucrarse activamente nas políticas de conciliación das distintas administracións e realizará un estudo para a implantación dun plan de conciliación que combine dúas modalidades: ludoteca e canguraxe.

7.- Instar á Xunta de Galicia á redacción dun protocolo unificado con medidas claras para a

asistencia no parto garantindo o acompañamento da nai, tomando as medidas pertinentes de protección, así como a non separación da nai e o bebé durante o parto e o postparto (sempre no caso de nais asintomáticas e bebés sans).
Ademais habilitará habitacións de maternidade para mulleres COVID nos hospitais principais das sete áreas sanitarias e publicará unha guía de recomendacións en tempos de COVID para mulleres xestantes.
8. O Concello de Vilagarcía dotará de recursos comunicativos específicos ao CIM, reactivando as redes sociais deste departamento e deseñando unha estratexia de comunicación efectiva que reforce o traballo e actividades realizados dende o mesmo, co fin de que sexan accesibles ao maior número de mulleres.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
A persoa representante do grupo municipal do Marea da Vila informa favorablemente.
As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila para continuar avanzando cara a igualdade de dereitos entre mulleres e homes.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde ,a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada e:
1.- Instar á Xunta de Galicia ao aumento do xulgados específicos en violencia contra as mulleres en Galicia para que sexa consensuado na comisión mixta do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tal e como aprobou ao Parlamento en febreiro de 2018.
2.- Instar á Xunta de Galicia a incluír nos seus orzamentos unha partida para a adaptación dependencias dos xulgados de Galicia de tal modo que as vítimas de violencia de xénero dispoñan das condicións de seguridade e privacidade que lles impidan atoparse co maltratador ou o seu entorno.
3.- Instar á Xunta de Galicia a que reforce con recursos materiais e humanos todos aqueles servizos que forman parte do percorrido do procedemento xudicial dos casos de Violencia de Xénero como é o IMELGA, dotándoo de persoal suficiente e estable.
4.- Instar ás distintas administracións ao reforzo dos servizos de administrativos con fin de acelerar os procesos que teñen que afrontar as mulleres vítimas de violencias, co fin de que a burocracia non supoña un obstáculo ao que teñen que enfrontarse estas mulleres.
5.- Instar á Xunta de Galicia a publicar de maneira inmediata a prórroga do Bono Coidado extraordinario, nas súas dúas modalidades, incrementando a partida para que cubra as necesidades das familias galegas ata agosto do 2021. A Xunta de Galicia coordinarase cos Concellos e simplificará os trámites para que o maior número posibles de familias poidan acollerse á mesma. A Xunta estudará a inclusión dun incremento da contía nos casos de familias monomarentais e persoas autónomas.
6.- Instar ao Concello de Vilagarcía a involucrarse activamente nas políticas de conciliación das distintas administracións e realizará un estudo para a implantación dun plan de conciliación que combine dúas modalidades: ludoteca e canguraxe.
7.- Instar á Xunta de Galicia á redacción dun protocolo unificado con medidas claras para a asistencia no parto garantindo o acompañamento da nai, tomando as medidas pertinentes de protección, así como a non separación da nai e o bebé durante o parto e o postparto (sempre no caso de nais asintomáticas e bebés sans).

Ademais habilitará habitacións de maternidade para mulleres COVID nos hospitais principais das sete áreas sanitarias e publicará unha guía de recomendacións en tempos de COVID para mulleres xestantes.

8. O Concello de Vilagarcía dotará de recursos comunicativos específicos ao CIM, reactivando as redes sociais deste departamento e deseñando unha estratexia de comunicación efectiva que reforce o traballo e actividades realizados dende o mesmo, co fin de que sexan accesibles ao maior número de mulleres.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201126&punto=11
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA CREACIÓN DUN FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de novembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 17 de novembro de 2020, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de novembro de 2020 a seguinte MOCIÓN:
“Creación dun fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia de Pontevedra”
A crise sanitaria da COVID-19 está deixando ao seu paso unha importante crise económica, na que moitos autónomos e pequenas empresas da provincia teñen series dificultades para poder continuar co seu proxecto empresarial. As medidas de prevención, o menor consumo e unha situación de incerteza están provocando unha sangría en moitos destes pequenos negocios, que afecta aos seus propietarios pero tamén ao emprego, ao consumo e, polo tanto, ao mantemento do sistema de benestar que gozamos actualmente.
Por iso é fundamental actuar xa, desde todas as administracións e sen perder máis tempo a prol da recuperación desta provincia. A Deputación de Pontevedra non pode permanecer allea á realidade e ás dificultades que está sufrindo a cidadanía. Cada día escoitamos novas testemuñas de autónomos que contan as dificultades que teñen para pagar gastos fixos, facturas que xa se levan acumulando moitos meses. Outros que directamente teñen que abandonar o seu proxecto empresarial.
A Xunta de Galicia xa anunciou medidas de apoio para autónomos e para a hostalería. O resto das deputacións galegas tamén están facendo o mesmo. Os concellos, dentro das súas limitacións, tamén están sumándose a través de diferentes iniciativas. E, polo tanto, a Deputación de Pontevedra non pode demorarse nin un minuto máis en aprobar un plan de investimentos para axudar a este sector a superar a crise.
Este plan de axudas é totalmente viable e necesario. A Deputación ten capacidade para levar a cabo este plan. Pode coller como exemplo o modelo da Deputación da Coruña. A Deputación asigna unha contía aos concellos de menos de 50 mil habitantes, fóra do Plan Único, e cada concello convoca a subvención segundo un modelo de bases que é igual para todos os concellos da provincia, e que están destinadas a apoiar proxectos laborais ou empresariais. O obxectivo é axudar ao pago de gastos correntes e de funcionamento, como poden ser o aluguer, a luz, o teléfono ou a seguridade social, por exemplo.
Nestes momentos máis críticos e cando xa estamos nunha profunda crise económica, é cando as administracións teñen que estar á altura e ofrecer plans e axudas que de verdade garantan un apoio á economía dos pontevedreses.
É fundamental que a Deputación apoie aos autónomos, aos pequenos empresarios que co seu esforzo levantan a persiana desta provincia e que son o motor da creación de emprego. A Deputación non pode deixar de lado a este sector fundamental da economía, e a quen máis está

afectando esta crise.
Por todo isto, o Grupo municipal do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS
1.Instar á Deputación de Pontevedra a crear un fondo de financiamento por valor de 10 millóns de euros para a reactivación económica e social da provincia de Pontevedra, destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes, para que repartan, a través dun modelo de bases comúns, entre os autónomos e pemes locais.
2. Dar conta do acordo deste pleno á Deputación de Pontevedra.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para creación dun fondo de financiamento para a reactivación económica e social da Provincia de Pontevedra.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal do PP, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con catorce votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1) e Vilagarcía en Común (1), unha abstención ds Concelleira pertencente ao grupo político municipal de Marea da Vila (1), e seis votos a favor, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP para creación dun fondo de financiamento para a reactivación económica e social da Provincia de Pontevedra.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201126&punto=12
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE O PLAN DE TRANSPORTE.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de novembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 22 de novembro de 2020, do seguinte teor:

MOCIÓN PLAN DE TRANSPORTE
De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilagarcía de Arousa desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
Con data 25 de marzo de 2019, a Dirección Xeral de Mobilidade emitiu resolución pola que se acorda o establecemento dos servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada que se definen nos proxectos de explotación de claves XG600 a XG743, aprobar o expediente de información pública dos anteditos proxectos de explotación e aprobar os propios proxectos de explotación aos que se fai referencia e, como parte deles, os seus correspondentes estudos económico financeiros, que serven como estudos de viabilidade das concesións de servizos públicos ás que se refiren. Resolución que foi publicada no D.O.G nº 111, de 13 de xuño

de 2019.
Analizada o contido do proxecto de explotación do Norte da Comarca do Salnés e termo municipal de Catoira (clave XG627) comprobase que as demandas prantexadas dende o Concello de Vilagarcía non so non foron atendidas senón que nin sequera foron valoradas aos efectos de mellorar o proxecto de explotación.
En data 8 de agosto de 2018 pola Concelleira de Urbanismo e o Concelleiro de Obras de Vilagarcía de Arousa mantívose unha reunión co Subdirector Xeral de Mobilidade, co Xefe Territorial da CIV en Pontevedra e a asistencia técnica PTPG ao respecto do Plan de Transporte Público de Galicia, en dita reunión abordáronse as melloras en transporte público que se consideraban necesarias tanto a nivel municipal como comarcal, e así se solicitou entre outras cuestións:
- A demanda prioritaria é conectar adecuadamente a estación de tren (no futuro será unha estación intermodal), xa que actualmente non ten parada coa principal liña de autobús, Carril-Vilaxoán, existindo unha certa distancia e, sobre todo, diferenza de cotas. Plantexaron como melloras a introducir no plan de transporte a modificación da liña procedente de Carril para facela pasar pola estación de tren; outra opción sería utilizar lanzadeiras dende o centro urbano á estación de tren. En calquera caso, os horarios dos servizos de autobús deben ser compatibles cos ferroviarios.
- A zona de Bamio ten poucos servicios de conexión co centro urbano de Vilagarcía (as liñas procedentes de Catoira – Barbanza), polo que os usuarios recorren ó vehículo privado para acceder a Vilagarcía. Solicitouse como mellora a prolongación o itinerario da liña Vilaxoán-Carril para que pase por Bamio.
- Respecto á conexión co Hospital do Salnés, indicouse que o Concello formalizou un convenio cunha empresa para implantar unha liña de autobús directa ao Hospital e coas frecuencias axeitadas -un servizo cada hora na franxa da mañá-, denominado VaiBus!. Unha mellora que complementaría este servizo sería que as liñas que circulan pola N-640 teñan parada no Hospital antes de ir ó centro urbano (ou despois, segundo o sentido).
- As conexións co Hospital tamén se ven prexudicadas pola existencia de varias concesionarias, existindo prohibicións de tráfico en Vilagarcía nas liñas que van ó Hospital dende A Illa e Cambados.
- O actual ambulatorio non ten boas conexións coas liñas de autobús, incluso a parada es inadecuada, por falta de espazo físico. Actualmente estase plantexando o cambio da súa localización á zona portuaria (Cavadelo), onde gozaría de moi boa comunicación, pero ata que non se materialice o cambio hai que servir o centro actual con autobús.
En febreiro de 2019, con ocasión do sometemento do proxecto de explotación do Norte da Comarca do Salnés e termo municipal de Catoira (XG627) ao trámite de información pública, e unha vez comprobado que as melloras propostas polo Concello de Vilagarcía de Arousa non se tiñan incorporado ao documento presentouse escrito de alegacións no que, entre outras cuestión se pon de manifesto:
a) Necesidade de que as paradas das diferentes liñas de transporte regular que provirán doutros termos municipais (Vilanova de Arousa, Illa de Arousa, Cambados, etc…) se realizaran na estación de autobuses e a súa conexión coa estación do tren, reivindicación que esta sustentada no feito da previsión da intermodalidade da estación de tren en un corto prazo, en aras a acadar un servizo público que resulte unha verdadeira alternativa ao transporte privado, o cal se vería potenciado co feito de conectar adecuadamente a estación do tren e a de autobuses de Vilagarcía de Arousa, compatibilizando os horarios dos servizos de autobuses e dos servizos ferroviarios.
O proxecto de explotación non contempla a intermodalidade solicitada na citada reunión polo Concello de Vilagarcía, nin sequera facilita dita posibilidade, non contempla paradas nin na estación de autobuses nin na estación do tren, incumprindo, de xeito evidente, as actuación prioritarias marcadas polo Plan de Transporte Público de Galicia.
Obviando todos os antecedentes existentes, agora plantéxase un proxecto de explotación que prevé unha parada que xa foi denegada pola Administración autonómica no ano 2005 e polo propio Concello de Vilagarcía de Arousa, e con elo incumprindo o sinalado no Plan de Transporte Público de Galicia no que se establece claramente que se debe fomentar a intermodalidade, establecéndose de maneira expresa, que os proxectos de explotación deben recoller como

paradas das diferentes liñas de transporte regular de viaxeiros por estradas, e sempre que sexa posible, as estacións o puntos de transbordo doutros medios de transporte (tales como estacións de ferrocarril, aeroportos, terminais portuarias que oferten servizos de transporte de viaxeiros,...)
b) O proxecto de explotación esquece a importancia da estación de tren de Vilagarcía de Arousa, que é a estación que empregan os cidadáns de TODA A COMARCA DO SALNÉS, PARTE DO BARBANZA E PARTE DO ULLA-UMIA, non facilita a interconexión das estacións de autobús e tren coas diferentes paradas, o cal debe reivindicarse como necesario respecto da cidadanía de Vilagarcía pero que debe ser abordado dende un punto de vista moito máis ambicioso, cal é, dar servizo a todos os viaxeiros que utilizan a estación de tren como punto de partida ou de chegada.
O proxecto de explotación esquece o obxectivo de coordinar o conxunto de servizos de transporte público, fragmentando e dividindo o territorio da Comunidade Autónoma, sen conexión entre as distintas partes do territorio. Da mera lectura dos mesmo observase que non existe ordenación do transporte público nin coordinación entre os distintos servizos de transporte público, non se prevé conexión algunha entre os distintos servizos públicos de transporte.
Claro exemplo o constitúe o feito de que se separasen o proxecto de explotación Norte da Comarca do Salnés e o termo municipal de Catoira (Clave XG627) e o proxecto de explotación Sur da Comarca do Salnés e Termo municipal de Poio ( Clave XG626), sen ter en conta as relacións que existen entre o Norte e o Sur da Comarca do Salnés, esquecendo que a cidadanía da comarca desprazase entre as distintas cidades o pobos, acoden as praias, veñen a Vilagarcía a coller o tren, de ocio, de compras, por negocios, por temas sanitarios (Hospital Comarcal), por temas administrativos (Delegación de Facenda, Seguridade Social, Capitanía Marítima, etc….), pero non atopan resposta as súas necesidades no transporte público.
c) O Proxecto de explotación Norte da Comarca do Salnés e termo municipal de Catoira (Clave XG627) non resposta as necesidades da cidadanía de Vilagarcía e da Comarca do Salnés.
O Plan de Transporte Público de Galicia establece como obxectivo xeral do mesmo acadar un modelo de transporte público por estrada sostible e eficiente, que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía de Galicia, nembargantes o proxecto de explotación non respecta o citado obxectivo e non resposta as necesidades da Comarca do Salnés e así comprobase que:
- Non se prevén liñas constantes e diarias ao Hospital do Salnés, con ocasión do reunión mantida en data 8 de agosto de 2018 entre os representantes do Concello de Vilagarcía e a Dirección Xeral de Mobilidade xa se puxo de manifesto a necesidade de dar servizo de transporte público as persoas que necesitan ir ao Hospital do Salnés situado en Vilagarcía de Arousa. Dar un bo transporte público implicaría acadar que os vehículos privados non sexan utilizados, e con elo diminuír os problemas de aparcamento e reducir significativamente as emisións de dióxido de carbono (redución da pisada de carbono tan reclamada pola Unión Europea) , ao tratarse dun colectivo que provoca numerosos desprazamentos en vehículo privado a diario.
Resulta de todo necesaria a existencia dunha liñas constantes e diarias ao Hospital do Salnés, a efecto de que as persoas con problemas de saúde poidan acudir directamente ao Hospital e que non se lles obrigue a ir andando dende a N-640.
Na actualidade, ante a inactividade da Xunta de Galicia, o Concello vese obrigado a costear a prestación deste servizo a través dun convenio coa empresa de transporte o que implica un gasto para as arcas municipais de 45.000€/ano.
Establece o Plan de Transporte Público de Galicia que no que se refire aos centros sanitarios, é importante ter en conta a cobertura xeográfica de cada unha das áreas sanitarias ás que serven os principais centros hospitalarios de Galicia, dado que cara a eles deben de deseñarse servizos de transporte que cubran toda esa área, e o certo e que no proxecto de explotación non se contempla o Hospital do Salnés dentro dos principais centros de atracción e xeración de viaxes, a pesares de que no propio Plan de Transportes se indica expresamente que deberá incorporarse os centros sanitarios dentro dos centros de atracción e xeración de movementos.
Engadindo "Dada a gran dispersión poboacional existente no rural galego, a garantía do transporte público neses puntos convértese en parte na garantía da asistencia sanitaria, sobre todo para aquela parte da poboación de mais idade, e, especialmente, naqueles casos nos que, ademais, conta con recursos económicos escasos."
- Non se prevé ningunha conexión co Ambulatorio Centro de Saúde San Roque (As Carolinas)-Vilagarcía.
Novamente se obvia a necesidade das persoas que necesitan acudir a este Ambulatorio-centro

sanitario, polo que debe reiterarse o indicado en relación co Hospital do Salnés, especialmente a necesidade de prestar servizos asociados á necesidade de acudir a servizos administrativos, educativos e sanitarios.
- Non se prevé conexión algunha cos núcleos rurais de Vilagarcía.
Coa análise do proxecto de explotación comprobase que non existe conexión para a poboación dos ámbitos rurais de Vilagarcía de Arousa, incumprindo o disposto na Lei 10/2016, de 19 de xullo, de medidas urxentes para la actualización do sistema de transporte público de Galicia, na que se establece de xeito claro a necesidade de manter un sistema de transporte público sostible nos contornos rurais, nos que mesmo presenta unha nítida finalidade social como garantía de dereitos esenciais como o propio dereito á mobilidade persoal ou a servizos esenciais.
No mesmo senso se pronuncia o Plan de Transporte Público de Galicia, no que se indica ao respecto:
"Nos ámbitos rurais, que presentan un decaemento progresivo da poboación, a demanda de mobilidade tamén decae, aínda que se manteñen unas necesidades mínimas, principalmente asociadas á necesidade de acudir a servizos que non só se prestan en vilas intermedias ou nas cidades (servizos administrativos, sanitarios, educativos,...). Ademais, o fomento de políticas de asentamento de poboación nos ámbitos rurais fai imprescindible que se manteña unha oferta de transporte público atractiva, como unha obriga de servizo público e aínda
que, na maior parte dos casos, poida resultar economicamente deficitaria e requira, para o seu mantemento, da achega de recursos públicos. É, nestes ámbitos, onde máis sentido ten a implantación de modelos de transporte innovadores, como poden ser o transporte integrado (ou, para ser máis precisos, a reserva de prazas para usuarios especiais, por parte das administracións correspondentes, en servizos de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral) ou o establecemento de servizos baixo demanda, (…)"
Vilagarcía non é unicamente o centro urbano, senón tamén Bamio, Castroagudin, Cea, Trabanca-Sardiñeira, Trabanca-Badiña, Cornazo, Rubiáns, Faxilde, A Torre, Guillán, Fontecarmoa respecto das cales non existe ningún tipo de previsión das mesmas.
- Non se prevé ningunha conexión coas instalacións deportivas existentes no Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Non se prevé ningunha conexión cos polígonos industriais de Bamio, Trabanca-Badiña e O Pousadoiro, o que impide que os traballadores poidan utilizar o servizo público de transporte para ir e volver ao seu posto de traballo.
- Non existe referencia ou estudo respecto aos centros educativos de Galicia, e deberíase publicitar a posibilidade de utilizar o transporte escolar pola cidadanía en xeral.
A vista das deficiencias que presentaba o proxecto sectorial fixose unha Proposta de modificacións reclamadas pola cidadanía de Vilagarcía de Arousa e que dende o Concello se reclama a súa introdución no proxecto de explotación a Dirección Xeral de Mobilidade e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e así solicitouse:
1.- Supresión da parada urbana sita na Avenida da Mariña (Cavadelo) para os autobuses que procedan doutros termos municipais, debendo manterse as rutas actuais e sendo a parada de autobuses da Rúa López Ballesteros o lugar ao que deben chegar todos os autobuses.
A maiores, reivindicar a súa remodelación aos efectos de conseguir unha estación intermodal que sirva de nexo de unión das liñas de autobús coa Estación do tren de Vilagarcía de Arousa, dada a proximidade entre ambas estacións.
2.- Deberá crearse unha liña con servizo directo dende Bamio-Pedroso, Carril-Hospital do Salnés para dar resposta a continua demanda do servizo polos cidadáns de Vilagarcía.
O servizo realizarase a través de Carril, Vilagarcía (Avenida da Mariña), Rodrigo de
Mendoza (FEXDEGA), IES Castro Alobre, San Roque-Centro de Saúde, Florida, As Carolinas, Hospital do Salnés.
Solicitase polo Concello de Vilagarcía 5 expedicións de ida e volta diaria.
3.- Precisaría tamén Vilagarcía, tendo en conta que o número de habitantes é de 37.519
Unha Liña circular de autobuses, que recorrera todos os cascos urbanos (Vilagarcía, Carril e Vilaxoán) e os núcleos rurais, co incremento incluso das paradas actuais existentes nos cascos urbanos citados, xa que na actualidade existen zonas densamente poboadas que carecen desas paradas tales como A Florida-A Coca-As Carolinas e Rodrigo de Mendoza, onde se ubica o ambulatorio e diversa actividade comercial o que a converten nunhas das zonas máis puxantes

de Vilagarcía de Arousa.
4.- Deberá crearse servizos directos dende a Urbanización O Rial ao Hospital do Salnés para respostar as necesidades existentes.
No traxecto entre a Urbanización O Rial e Vilagarcía, entraría e recorrería a Urbanización O Piñeiriño, a súa chegada a Vilagarcía seguiría a ruta sinalada na proposta anterior complementando desta maneira os servizos existentes en dirección ao Hospital do Salnés e Vilagarcía.
5.- Conexión coa estación do tren. Dada a intermodalidade tan defendida polo Plan de Transporte Público de Galicia, este Concello propón que nos servizos Carril-Vilaxoán-Freixo e Carril-O Rial, ou a lo menos nalgúns destes, ao chegar ao Ramal se desvíen a estación de ferrocarril e volver ao Ramal, en coordinación e tendo en conta os horarios dos servizos ferroviarios, o que facilitaría a conexión entre os dous medios de transporte e sen esquecer que a estación de F.F.C.C. de Vilagarcía é a única existente en toda a comarca que non só da servizo á cidadanía de Vilagarcía senón a da comarca do Salnés, parte do Barbanza e a parte do Ulla-Umia, polo que debemos reiterar a necesidade de conectar os distintos medios de transporte público, sendo esta a maneira máis adecuada.
6.- Aumento das expedicións ao complexo deportivo de FonteCarmoa. Na actualidade realízanse tres servizos de ida e volta de luns a venres entre Vilagarcía e o complexo deportivo de Fontecarmoa. Un deles cubrindo soamente este itinerario e dous como paradas intermedias de servizo entre Vilagarcía e Renza. Proponse aumentar a 10 expedicións de ida e volta de luns a venres, xa sexa cubrindo so este itinerario ou ben en expedición de Vilagarcía a Renza.
7.- Aumento das expedición Carril-Urbanización O Rial, por canto se considera axeitado que a expedición en días laborais das 22:00 horas Carril-Vilaxoán con paso por Vilagarcía ás 22:15 continúe ata a urbanización O Rial.
8.- Incremento dos servizos en horario nocturno, polo menos nas fins de semana e nas épocas estivais xa que existe un maior horario comercial, turístico e de ocio, sen que se atope resposta axeitada no proxecto de explotación.
9.- Botase en falta o estudio das necesidades dos centros escolares, debería reflectirse en aras a unha coordinación co resto das necesidades da cidadanía.
10.- Finalmente, incidir na necesidade de remodelación da actual estación de autobuses, Aos efectos de convertela nunha estación intermodal, coa finalidade de facer compatibles os servizos de autobuses (tanto os que proveñan doutros termos municipais coma as liñas de autobús Carril-Vilaxoán-Freixo e Carril-O Rial como mínimo) co servizos de tren, de xeito que poida Vilagarcía contar coa estación que se merece como oitava cidade de Galicia e de cara a implicar na súa execución a Xunta de Galicia e ADIF, e por suposto coa implicación e apoio do Concello en todo aquelo que se lle demande dende ambos organismos para dar resposta a unha necesidade existente e real a que debe darse cobertura.
A pesares de todo o esforzo que dende o Concello de Vilagarcía se fixo para acadar un mellor transporte público non só de carácter municipal senón tamén comarcal a Xunta de Galicia ignorou todas e cada unha das propostas presentadas polo que, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:
- Instar á Xunta de Galicia a que se modifique o proxecto de explotación de servizos públicos de transporte do Norte da Comarca do Salnés e termo municipal de Catoira ( clave XG627) aos efectos de que se proceda a facilitar a intermodalidade, mediante a conexión do servizo de transporte público coa estación do tren e de autobuses de conformidade coa proposta feita dende o Concello en febreiro de 2019, na que se propoñía que nos servizos Carril-Vilaxoán-Freixo e Carril-O Rial, ou a lo menos nalgúns destes, ao chegar ao Ramal se desvíen a estación de ferrocarril e volver ao Ramal, en coordinación e tendo en conta os horarios dos servizos ferroviarios, o que facilitaría a conexión entre os dous medios de transporte e sen esquecer que a estación de F.F.C.C. de Vilagarcía é a única existente en toda a comarca que non só da servizo á cidadanía de Vilagarcía senón a da comarca do Salnés, parte do Barbanza e a parte do Ulla-Umia, polo que se debe reiterar a necesidade de conectar os distintos medios de transporte público, sendo esta a maneira máis adecuada.
- Instar á Xunta de Galicia para que se prolongue a liña Vilaxoán-Vilagarcía-Carril ata Bamio, con un aumento de frecuencias e de horarios.

- Instar a Xunta de Galicia para que se retomen as frecuencias do transporte público, especialmente, tendo en conta as molestias ocasionadas á cidadanía coas supresións.
- Instar á Xunta de Galicia a impulsar unha estación intermodal en Vilagarcía, facilitada pola proximidade entre as estacións de ferrocarril e autobús.
Dar traslado deste acordo aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre o Plan de Transporte.

O grupo político municipal de Ciudadanos presenta a seguinte emenda de adición:
- Impulsar unha Comisión municipal para estudiar a mellora do transporte público en Vilagarcía, coa integración de tódolos grupos políticos municipais.

O grupo político municipal do PSG-PSOE acepta a emenda.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa emenda do grupo político municipal de Ciudadanos, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción e:
- Instar á Xunta de Galicia a que se modifique o proxecto de explotación de servizos públicos de transporte do Norte da Comarca do Salnés e termo municipal de Catoira ( clave XG627) aos efectos de que se proceda a facilitar a intermodalidade, mediante a conexión do servizo de transporte público coa estación do tren e de autobuses de conformidade coa proposta feita dende o Concello en febreiro de 2019, na que se propoñía que nos servizos Carril-Vilaxoán-Freixo e Carril-O Rial, ou a lo menos nalgúns destes, ao chegar ao Ramal se desvíen a estación de ferrocarril e volver ao Ramal, en coordinación e tendo en conta os horarios dos servizos ferroviarios, o que facilitaría a conexión entre os dous medios de transporte e sen esquecer que a estación de F.F.C.C. de Vilagarcía é a única existente en toda a comarca que non só da servizo á cidadanía de Vilagarcía senón a da comarca do Salnés, parte do Barbanza e a parte do Ulla-Umia, polo que se debe reiterar a necesidade de conectar os distintos medios de transporte público, sendo esta a maneira máis adecuada.
- Instar á Xunta de Galicia para que se prolongue a liña Vilaxoán-Vilagarcía-Carril ata Bamio, con un aumento de frecuencias e de horarios.
- Instar a Xunta de Galicia para que se retomen as frecuencias do transporte público, especialmente, tendo en conta as molestias ocasionadas á cidadanía coas supresións.
- Instar á Xunta de Galicia a impulsar unha estación intermodal en Vilagarcía, facilitada pola proximidade entre as estacións de ferrocarril e autobús.
- Impulsar unha Comisión municipal para estudiar a mellora do transporte público en Vilagarcía, coa integración de tódolos grupos políticos municipais.
Dar traslado deste acordo aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201126&punto=13
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**14.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**
Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=202001126&punto=14
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**15.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas,o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201126&punto=15
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**16.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as formúlanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201126&punto=16
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**17.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.**
Debido á aplicación das normas de distancia social necesarias para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201126&punto=17
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.